



ASISTENTES C.I.

C.I.G.

Federico Fernández Fernández
Cándido Pérez Betanzos
Antón García Fernández
Rodrigo Alberte Pivida
M^a Jesús Losada Rodríguez

CC.OO.

Victoria Alonso Crespo
Aser Fernández Rey
Marcos Estévez Orge (DS)

U.G.T.

Juan José Fernández Pérez
Arturo Casar Sarasola

DELEGAN VOTO

Manuel Velasco Graña
Carmen Serra Rodríguez
Carlos Mollinedo Lois

AUSENTES C.I.

ASISTENTES CC.EE.

Marisa Magaz Ledo
José Fco. de la Concepción

*DS- Delegado Sindical

Reunidos nos locais sindicais do Edificio Fundación o día 22 de xuño de 2006, ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.
4. Conflicto da ATIC. Postura do CI e toma de acordos, se procedera.
5. Conflicto na Unidade de Xardinería. Evolución, propostas e acordos, se procedera.
6. Apertura de bibliotecas en períodos extraordinarios. Escrito do persoal.
7. Escrito persoal de conserxería.
8. Escritos sobre asuntos de persoal, propostas e acordos, se procedera.:
 - a. Escrito Jose Lamas.
 - b. Escrito José David Díaz.
9. Propostas de curso de formación.
10. Proposta nova categoría de Técnico especialista de instalacións de I+D. Contidos funcionais, responsabilidades, etc.
11. Rogos e preguntas.

Antes de comezar a reunión o Presidente da conta dos votos delegados que corresponden aos debidamente enviados por Carmen Serra, que delega en Aser Fernández, Manuel Velasco, que delega en Victoria Alonso e Carlos Mollinedo, que o fai en Federico Fernández. Así mesmo, comunica que varios compañeiros e compañeiras dos servizos informáticos pediron asistir ao Pleno, por esta razón a sesión comeza polo punto 4. [Esta acta seguirá a orde establecida na convocatoria]

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.

Apróbase a acta tras realizar os presentes algunhas modificacións.

2. Informe do Presidente.

O presidente da conta dos seguintes asuntos:

- Da contratación temporal, prórrogas e mobilidade.
- Do escrito enviado á xerencia dando conta do acordo sobre os complementos de responsabilidade da ATIC.
- Do escrito enviado á xerencia no que se lle informa do nomeamento de representantes do CI na comisión de selección dun técnico de transferencia de I+D+i.
- Do tratado na Comisión paritaria o día 16 de xuño.
- Do tratado na Comisión de control do plano de pensións, celebrada o 23 de xuño.



- Da reunión coa xerencia o 8 de xuño na que se tratou a aplicación do acordo de Consello de goberno sobre o ATIC.
- Da lei 21/2006 de modificación dos órganos de representación nas Administracións Públicas.
- Do escrito no que se solicita a substitución dun técnico especialista de electrónica.
- Das bolsas de formación para a Estación de ciencias mariñas.
- Das bolsas de formación para a OMA.
- Das bolsas de formación para a oficina de I+D.

3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.

- **Comisión de selección Técnico de transferencia en I+D.**

Marcos Estévez da conta de que a selección fíxose sen problemas. Hai un escrito sobre este tema, que se tratará no punto 8.

4. Conflito da ATIC. Postura do CI e toma de acordos, se procedera.

Algúns traballadores do ATIC, piden ao comité unha solución ao seu problema. A solución provisional serían os complementos ad personam, con plus de singularidade para o grupo III e complementos de responsabilidade para o grupo I. Piden que se solicite unha reunión co xerente para aceptar a súa proposta como arranxo provisional ata o novo convenio.

O Comité ratifica o acordo da reunión anterior do 24-05-2006 e solicita entrevista co Xerente para tratar este tema.

CCOO achega o documento presentado na Comisión Paritaria.

5. Conflicto na Unidade de Xardinería. Evolución, propostas e acordos, se procedera.

Un xardineiro informou a membros do CI que a súa compañeira ten unha nova relación de funcións.

Lese o escrito de Ignacio Munilla remitido ao CI no que se pregunta o por que da asistencia dun membro do CI a unha reunión entre el e a responsable da xardinería. Tras debater o asunto, decídese contestarlle.

Marcos Estévez, considera moi grave o que está pasando co tema de xardinería por inmiscirse a OMA. Marisa Magaz, tamén comenta que é gravísimo que un señor nomeado por libre designación poida decidir sobre as funcións do persoal laboral.

Como faltan moitos datos neste tema, decídese facer un monográfico sobre este tema para poder tomar as decisión oportunas.

6. Apertura de bibliotecas en períodos extraordinarios. Escrito de persoal.

Preséntase escrito do persoal de Biblioteca, no que se solicita que as Bibliotecas en períodos de apertura extraordinarios (noites e fins de semana) estean atendidas por Técnicos Especialistas de Biblioteca, o Comité Intercentros súmase a este escrito e farase un escrito, esixindo esta petición, que se enviara ao Director da Biblioteca Universitaria, ao Xerente e ao Vicerreitor de Investigación.



Aser comenta que este problema xa se deu no seu día en Torrecedeira o que demostra que existe unha falta de previsión reiterada.

7. Escrito persoal de conserxerías.

Neste escrito, no que se reflicte o malestar pola negociación do Convenio Colectivo, o persoal solicita unha reunión co Comité, pero como xa se reuniron cos sindicatos CIG e CCOO, os membros de UGT presentes, non saben si se reuniron co seu sindicato; Marisa cre que agora mesmo esta reunión co Comité xa non tería moito sentido e que haberá que esperar a reunión do 28 de xuño co Xerente.

Rodrigo pregúntase que contestación se lles pode dar dende o CI se xa tiveron reunións cos sindicatos. Marcos coincide nesa puntualización con Rodrigo. Marisa pregúntalle a CIG pola súa resposta a este colectivo. Cándido respóndelle que a terán logo da reunión que vai a celebrar a súa Sección sindical.

8. Escritos de persoal, propostas e acordos, se procedera.:

- **Escrito José Lamas**

Cándido Pérez, di que segundo a Lei, e sen entrar no fondo do escrito, a recollida de sinaturas pola rede non é legal, polo tanto este escrito non ten máis valor que o da persoa que o envía.

Marcos Estévez, fala do compromiso dos tres sindicatos de facer unha votación do preacordo de Convenio despois das Asembleas.

Rodrigo Alberte, propón que non se faga a votación, pois xa se viu que a proposta de Xerencia non lle gustaba a ninguén e o único obxectivo desta votación é un voto de castigo.

Marisa Magaz, di que os sindicatos tiñan que ter aclarado este tema e non calar.

Aser Fernández, comenta que houbo un Comité extraordinario con respecto a votación do preacordo e que CCOO expresou a súa vontade de que se votase este texto e pensa que hai un incumprimento cos traballadores, que ocasiona este malestar e posterior recollida de sinaturas.

CCOO solicita que se vote o Preacordo tal e como propuxo no Comité Extraordinario.

Rodrigo afirma que isto non é un preacordo, senón unha proposta de Xerencia.

Marcos solicita que conste en acta que a CIG afirma que o texto non é un preacordo senón unha proposta de Xerencia. Chegados a este punto CCOO considera que non é necesario entón a votación mentres non exista un preacordo.

O Comité acorda desestimar a petición de José Lamas por defecto de forma.

- **Escrito José David Díaz**

O comité recibe un escrito de José David Díaz, referente a contratación temporal de un Técnico de transferencia da oficina de I+D, antes de que se reúna a Comisión de Avaliación de dita praza.

O Comité acorda remitir este escrito a Asesoría Xurídica, para que faga unha análise do seu contido.



9. Proposta de cursos de formación.

Antón García, da conta dunha chamada de RRHH, referente a unha subvención da EGAP. E propón que se faga o seguinte curso: “Procesos de mantemento dentro da empresa”., este curso tamén lle podería interesar a persoal de deportes. A día de hoxe, RRHH aínda non comunicou nada sobre este tema.

Cándido Pérez, ofrece información sobre o curso :”Condución segura”, se os condutores están interesados no curso deben comunicalo a Comisión de Formación.

Marisa Magaz, pregunta que vai pasar co curso de Audiovisuais, que se suspendeu, pois pensa que é necesario para o persoal de Conserxería. Tamén di que sería interesante volver a facer outro curso de fontanería, sobre todo para persoal novo.

Aser Fernández, ten un listado de posibles cursos, e pide que se propoñan cursos, porque hai cartos segundo o Xerente

10. Proposta nova categoría de Técnico especialista de instalacións en I+D+i. Contidos funcionais, responsabilidades, etc.

Na última reunión da Comisión Paritaria O Xerente formulou a necesidade de crear unha nova categoría denominada Técnico especialista de instalacións en I+D+i, para os centros tecnolóxicos: CACTI, ESTACIÓN MARÍTIMA DE TORALLA, e futuros centros de investigación de Ourense e Pontevedra.

O Comité comunica que non hai ningún informe previo da xerencia sobre Toralla e que parece ser que aínda non se sabe o uso que vai ter, polo tanto acorda crear unha Comisión, cun membro de cada Sindicato, para valorar a necesidade da praza, e no seu caso, funcións e características.

11. Rogos e preguntas.

Federico Fernández, di que a contratación feita para a Estación Marítima de Toralla fixérona dun xeito non moi claro, hai problemas coas listas de agarda, non están chamando ao persoal que está de vacacións mais este problema non dea gora, xa o están a facer dende hai tempo. Cómpre, pois, que este tipo de normas internas sexan coñecidas por todos.

Chus Losada, pregunta se un traballador de fin de semana pode pedir cambio de quenda? Contéstaselle que si.

Aser Fernández, suxire que na próxima reunión se trate o tema de normas non escritas para a xestión da normativa de listas de agarda, cambios de quenda e localidade.

Marcos Estévez, comunica que recibiu unha chamada do responsable do Parque Móbil, para comunicarlle que necesita 2 condutores para os vindeiros 6 meses. De momento, só se contratou unha persoa e non hai lista de agarda, polo tanto deberase aplicar o que di o convenio para elaborar unha nova lista de agarda.

Acordos:

- Solicitar entrevista co Xerente para falar do tema do ATIC.



- Contestar ao escrito de Ignacio Munilla
- Facer escrito sobre a apertura de Bibliotecas para o Director, Xerente e Vicerreitor de Investigación.
- Contestar ao escrito de Pepe Lamas
- Envíar a Asesoría Xurídica o escrito de José David Díaz vázquez.
- Facer unha Comisión para analizar a categoría de Técnico especialista de instalacións en I+D+ i, con membros dos distintos sindicatos

Fdo: Victoria Alonso Crespo
(Vicesecretaria)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)